

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Lugar: Salón de actos da casa de cultura de Silleda.

Data: 21 de febreiro de 2014.

Hora inicio: 16:30

Hora remate: 19:55

Asistentes:

1.- Provincia de A Coruña:

- 1,1.- Don Alejandro Rodríguez Pazos.
- 1,2.- Don Antonio Taboada Espiño.
- 1,3.- Don Felipe Calviño Monelos.
- 1,4.- Don Fernando Sande Chouza.
- 1,5.- Don José García Capelo.
- 1,6.- Don José Luis Váscuas Martínez.
- 1,7.- Don Juan Carlos Requejo Matos.
- 1,8.- Don Xoan Camafreita Pastoriza.
- 1,9.- Dona Yolanda Camba Camino.

Votos delegados:

- 1,10.- Don Alejandro Vicente Barral.
- 1,11.- Don Cesario Rodríguez López Arrigada.
- 1,12.- Don José Carlos Fernández Serantes.
- 1,13.- Don Luis Antonio Zarco Casabiell.
- 1,14.- Don Manuel Vázquez Otero.

2.- Provincia de Lugo:

Sen asistentes.

3.- Provincia de Ourense:

- 3,1.- Don Anxo Rodríguez Rodríguez.

Votos Delegados.

- 3,2.- Don Castor Vello Viétez.

4.- Provincia de Pontevedra:

- 4,1.- Don Alberto Porto Crespo.
- 4,2.- Don Alfredo Couceiro López.
- 4,3.- Don Antón Pereiras Pereiras.
- 4,4.- Don Carlos Rodríguez Covelo.
- 4,5.- Don Daniel Manso Fernández.
- 4,6.- Don Eladio Mallo Rey.
- 4,7.- Don Francisco Magdalena Fernández.
- 4,8.- Don Francisco J. Poza Juncal.
- 4,9.- Don Gonzalo Gamallo Tilve.
- 4,10.- Don Ibo Vence Blanco.
- 4,11.- Don Javier Lamas Ferradás.
- 4,12.- Don Xosé Bieito Rodríguez Carballo.
- 4,13.- Don José María Casas Fernández.
- 4,14.- Don Manuel Docampo Carral.
- 4,15.- Don Manuel Isidro Garrote.
- 4,16.- Don Manuel Sueiro Pazos.
- 4,17.- Don Rafael López González.
- 4,18.- Don Xoán Daniel Rosales Rivas.
- 4,19.- Don Félix Pérez De La Fuente.
- 4,20.- Don Manuel Gracia Rego.

Votos Delegados.

- 4,21.- Don Antonio Menbrives Rojas.
- 4,22.- Don Félix Rebón Caldas.
- 4,23.- Don Fernando Abalo Buceta.
- 4,24.- Don Patricio Bernal Collantes.
- 4,25.- Don Xosé Carlos Rodríguez Fernández.

Facendo un total entre asistentes e votos delegados de 41.

Orde do día

- 1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe de xestión e estado de contas da Asociación Nacional.
- 3.- Informe e aprobación, se procede, da xestión da Asociación no segundo semestre de 2013; resumen de actividades realizadas, altas, baixas e estado de contas.
- 4.- Aprobación, se procede, do orzamento e plan de acción para o ano 2014; proposta de actividades, proposta de contratación de asesor xurídico, proposta de contratación de gabinete de prensa profesional, proposta de contratación da xestión de protección de datos, proposta de novo deseño da páxina web, proposta de gastos de representación e outras partidas.

5 Aprobación, se procede, e para o caso de que sexa necesario no futuro, de defensa xurídica das persoas afiliadas incursas nun procedemento penal polo normal exercicio da profesión.

6 Aprobación, se procede, de personarse a asociación en calidade de acusación popular nos procedementos que traian causa cando unha persoa afiliada fose vítima de atentado, resistencia ou desobediencia no desempeño da profesión.

7 Aprobación, se procede, e para o caso de que sexa necesario, de asumir os custos de defensa xurídica de dous afiliados incursos nun procedemento penal polo normal desempeño da profesión e os custos da acusación polo delito de atentado sufrido por un afiliado no desempeño da profesión.

8 Rolda de intervencións.

Deliberacións

1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.

Deuse lectura da acta da asemblea anterior e foi aprobada por unanimidade.

2.- Informe de xestión e estado de contas da Asociación Nacional.

Deuse información da Asemblea da Asociación estatal celebrada en Valsaín en novembro, a que asistiron membros de APRAFOGA. Fíxose un resumo de actividades realizadas no último exercicio por AEAFFMA e detallouse o seu estado de contas, incluído os gastos do II congreso estatal de Axentes Forestais e Medioambientais celebrado en abril de 2013 en Toledo.

3.- Informe e aprobación, se procede, da xestión da Asociación no segundo semestre de 2013; resumen de actividades realizadas, altas, baixas e estado de contas.

A) Detallouse un resumen das actividades realizadas pola nova xunta directiva ao longo do segundo semestre de 2013:

1.- Reunións cos delegados das centrais sindicais

- 24 de maio. Xuntanza con delegados das catro centrais sindicais (CIG, CSIF, UGT e CCOO) para presentación da nova xunta directiva da asociación e liñas de traballo futuras.
- 11 de xuño. Primeira reunión de traballo para consensuar un texto básico do regulamento para negocialo coa Administración. Texto de partida.

- 18 de xuño. Constitución da mesa de negociación do novo regulamento na que participaron representantes da Administración, das catro centrais sindicais e de Aprafoga.
- 11 de febreiro. Reunión en Redondela co gallo da visita ás instalacións de Partenón para ir avanzando na proposta do regulamento.

2.- Reunión co Fiscal coordinador da área de medio ambiente en Galicia. (6-05-13)

3.- Participación nas xornadas organizadas por Partenón

- 27 e 28 de maio con representantes do colectivo de todo o Estado.
- 11 de febreiro con representantes do colectivo en Galicia.
- Mostra presentación de Partenón.

4.- Reunión co anterior director de conservación da natureza (4-07-13)

- Sobre APRAFOGA.
- A proposta do novo regulamento. Nova estrutura e dependencia.
- Sobre a imaxe corporativa: uniformidade e vehículos.
- A problemática cos VRN.
- Demanda de mais formación, divulgación e medios para o colectivo.

5.- Reunión coa nova Directora de Conservación da Natureza (xaneiro 2014). Idénticos temas tratados. Reunión previa cos VRN.

6.- Reunión coa Conselleira de Medio Rural e do Mar e co Secretario Xeral de Medio Rural. (10-10-2014)

- Sobre peticións previas
- Sobre APRAFOGA

- A proposta do novo regulamento. Nova estrutura e dependencia.
- Sobre a imaxe corporativa: uniformidade e vehículos.
- A importancia do colectivo na xestión forestal e na Dirección da Extinción dos incendios.
- Labouras acadadas na investigación dos incendios. Déficits nesta materia.
- Falta de divulgación e defensa do colectivo. A comparanza cos Gardacostas.
- Pistas sobre nova reestructuración.

7.- Reunión co Director Xeral de Función Pública (4-07-13)

- Sobre APRAFOGA.
- Sobre a proposta do regulamento. Dependencia e estrutura.
- Sobre os VRN.
- Sobre o borrador da Lei de Emprego Público de Galicia e a clasificación da escala dentro do grupo B.

8.- Alegacións ao proxecto de Lei de Emprego Público de Galicia para clasificar ao colectivo no grupo B.

9.- Organización do día do patrón (4-10-13)

10.- Participación de enmendas a Lei de caza de Galicia a petición de grupos parlamentarios.

11.- Concesión a dous compañeiros dunha mención especial ao Batelume de Ouro na edición 2013 a proposta de APRAFOGA

- Preparación de dossier e solicitudes de apoio
- Asistencia ao acto e divulgación

12.- Participación na XIV Asemblea da Asociación Española de Axentes Forestais e Medioambientais. (23 e 24 de maio).

13.- Solicitude de 4 edicións (un por provincia) do curso de identificación de aves por restos oseos.

14.- Xestión dos custos de defensa para os asociados imputados no distrito V e para a personación dun afiliado vítima de atentado do distrito XVI.

15.- Reunión con colectivos na conformada Mesa de Emerxencias (Xaneiro 2014)

16.- Reunións con deputados do parlamento de Galicia (Decembro 2013 e xaneiro 2014)

- Sobre Aprafoga
- Sobre os axentes forestais a nivel estatal.
- Sobre os axentes Forestais e Medioambientais en Galicia: Estructura, regulamento, etc.
- Sobre o borrador da Lei de Emprego Público de Galicia.

17.- Reunións con deputados galegos nas Cortes Xerais (Xaneiro-Febrero 2014)

- Sobre APRAFOGA e os Axentes Forestais en Galicia e no resto do Estado.
- Sobre a proposición non de Lei para una Lei básica estatal de axentes Forestais
- Sobre o borrador de Lei de modificación da Lei Básica Estatal de Montes.

18.- Xestións Varias.

- Varias reunións co asesor xurídico: borrador de contrato, acusación do compañeiro do distrito XVI, sentenzas pendentes,...
- Reunións para propostas contractuais de despachos de abogados.
- Reunións varias sobre propostas contractuais de gabinetes de prensa con empresas de comunicación.

- Xestións varias sobre propostas para a posta ao día en tema de protección de datos.
- Reunións con especialistas para o redeseño da páxina web.
- Construcción de base de datos de xestión da asociación, etc.

b) Informe de altas e baixas de afiliados.

Informouse que a día 30 de xuño había 143 socios teóricos segundo datos da anterior xunta directiva, pero reais que abonaron cuota no mes de xullo, 121. Trala posta ao día dos datos e despois de contactar con socios anteriores e realizar novas altas, a día 31 de decembro había 155 socios reais.

c) Informe de estado de contas ata decembro de 2013

1.- SALDO A 31-05-2013: 1.472,52 euros

2.- INGRESOS:

CONCEPTO	IMPORTE
Cuotas afiliados 2013	6.700,00 euros
INGRESOS TOTAIS	6.700,00 euros

4.- GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
Apartado de correos	60,68 euros
Aloxamento web	68,97 euros
Comisións bancarias	57,08 euros
Ive tráfico bancario	34,76 euros
Gastos liquidación remesas	166,06 euros
Imprenta	28,00 euros
Envíos postais aos socios	367,61 euros
Cuotas AEAFA	1.452,00 euros
GASTOS TOTAIS	2.235,16 euros

5.- BALANCE A 31-12-2013 (ingresos – gastos): 4.464,84 euros

6.- SALDO (saldo a 31-05-13 + balance a 31-12-13): 5.937,36 euros

Aprobose o informe de actividades e o estado de contas por unanimidade dos presentes.

4.- Aprobación, se procede, do orzamento e plan de acción para o ano 2014; proposta de actividades, proposta de contratación de asesor xurídico, proposta de contratación de gabinete de prensa profesional, proposta de contratación da xestión de protección de datos, proposta de novo deseño da páxina web, proposta de gastos de representación e outras partidas.

Presentouse a proposta, por parte da xunta directiva, do plan de acción para o exercicio de 2014, consistente nas seguintes actividades:

- 1 Base de datos de xestión da Asociación
- 2 Alta de arquivos na Axencia de protección de datos
- 3 Comisión de estudo para cambio de estatutos e posterior aprobación en asemblea extraordinaria e posta ao día a actualización da Asociación no rexistro público
- 4 Reunións periódicas cos reponsables da Administración: Medio Rural, Medio Ambiente, Función Pública e Vicepresidencia.
- 5 Entrevistas con representantes das principais organizacións ecoloxistas e colectivos relacionados coa profesión.
- 6 Entrevista cos responsables da Fiscalía de medio ambiente e das FCSE.
- 7 Seguimento das negociacións do regulamento. Convocatoria dos sindicatos
- 8 Seguimento dos concursos de vestiario
- 9 Rediseño da páxina web. Posibilidade de publicidade na web
- 10 Campaña de afiliación
- 11 Seguimento dos servizos contratados: Gabinete de prensa, protección de datos, asesor xurídico, nova web...
- 12 Convocatoria de eleccións a nova xunta directiva (A convocatoria sairá neste ano para a elección en Asemblea a realizar antes do 15 de febreiro de 2015)
- 13 Seguimento dos procesos xudiciais en curso
- 14 Imprevistos e novidades que vaian xurdindo ao longo do ano.
- 15 Participación na toma de decisión da Asociación Nacional e seguimento das actividades realizadas por esta
- 16 Grupo de contactos mail (Consultivo) e conta twitter

17 Participación na mesa de emerxencias

18 Entrevistas periódicas con deputados

19 Estudo para o rexistro de marca e logo.

20 Estudo para contratacións futuras para aseguramento de determinados riscos no desenvolvemento da profesión.

21 Plantexamento aos axentes sociais e a Administración para que se contemple a segunda actividade no regulamento.

22 Celebración do día do patrón.

Presentouse unha proposta de orzamento para o desenvolvemento do plan de acción consistente nas seguintes partidas:

1.- Ingresos

CONCEPTO	IMPORTE
Cuotas para unha previsión de 155 afiliados	7.750 euros

2.- Gastos

CONCEPTO	IMPORTE
Cuotas AEAFMA	1.860,00 euros
Apartado de correos	60,68 euros
Mantemento web	150
Deseño web	1000
Protección de datos	90,00 euros
Gabinete de prensa	2.200,00 euros
Asesoría xurídica	1.500,00 euros
Envíos postais	150,00 euros
Gastos de representación	740,00 euros
GASTOS TOTAIS	7.750,00 euros

3.- Balance a 31-12-2014 agás imprevistos:

(Saldo a 31-12-2013 + Ingresos 2014) – Gastos 2014 = 5.937,36 euros

Aprobouse o plan de acción coa previsión de gastos ofrecida por tódolos asistentes agás unha abstención.

A continuación fixéronse varias votacións referentes ao desenvolvemento do plan de acción e a contratación de determinados servizos:

- De entre varias das ofertas propostas elixiuse a opción da entidade *Nós Comunicación*, a mais barata e a única asequible, para o servizo de gabinete de prensa (39 votos a favor, un voto en contra e unha

abstención). Custe anual de 1.800 euros mais IVE; agás gastos de desprazamentos e asistencia fora da localidade de referencia.

- De entre varias opcións, elixiuse por unanimidade, a contratación do asesor xurídico, D. José María Santiago Morales por un importe de 1.266,50 euros anuais mais IVE. Tamén era a opción mais barata e a única posible.

- Aprobouse un orzamento máximo de 1.200 euros para contratar unha empresa para facer un novo deseño da web dados os problemas de operatividade e seguridade que está dando o soporte actual. Estanse esperando ofertas de varias empresas e a Asemblea facultou, por unanimidade dos presentes, para que a xunta directiva elixa a mellor oferta das que se presenten. De igual xeito tamén se aprobou que na nova web a zona pública será para promocionar e divulgar as funcións do colectivo e na zona privada meteranse tódolos servizos para uso exclusivo dos afiliados.

- Tamén se aprobou, por 39 votos a favor e dúas abstencións, estudar a posibilidade de meter publicidade na web para financiar custos.

- De entre varios orzamentos, tamén se aprobou por unanimidade, a contratación dos servizos da entidade GERPRODAT para a xestión de protección de datos por un período de 5 anos e un custo de 90 euros anuais mais IVE.

- Aprobouse por unanimidade pagar os custos imprescindibles de representación aos membros da xunta directiva por: kilometraxe, transporte, pernocta, manutención e teléfono. Para o kilometraxe tomarase como referencia os varemos oficiais, para a pernocta os custos de hoteis inferiores a tres estrelas, para a manutención os custos equivalentes a menú diario e para o transporte viaxe en clase turista.

- Sobre a celebración do día dos forestais o catro de outubro elixiuse de entre varias posibilidades, por 29 votos a favor, 11 en contra e 1 abstención, que se organice cada ano nunha provincia de forma rotatoria.

5 Aprobación, se procede, e para o caso de que sexa necesario no futuro, de defensa xurídica das persoas afiliadas incursas nun procedemento penal polo normal exercicio da profesión.

A xunta directiva propuxo a asemblea para que a asociación faga a xestión dos recursos necesarios para asumir os custos da defensa xurídica dos afiliados incursos nun procedemento penal polo normal exercicio da profesión.

En principio, para o suposto que por motivos de incompatibilidade non o poida asumir a Administración, os custos son asumidos por AEAFFMA, e no seu defecto por APRAFOGA. Sempre se tomará como referencia a efectos de honorarios os establecidos polos colexios de avogados e procurados de Santiago.

A proposta aprobouse por unanimidade dos presentes.

6 Aprobación, se procede, de personarse a asociación en calidade de acusación popular nos procedementos que traian causa cando unha persoa afiliada fose vítima de atentado, resistencia ou desobediencia no desempeño da profesión.

A proposta foi aprobada pola unanimidade dos presentes

7 Aprobación, se procede, e para o caso de que sexa necesario, de asumir os custos de defensa xurídica de dous afiliados incurso nun procedemento penal polo normal desempeño da profesión e os custos da acusación polo delito de atentado sufrido por un afiliado no desempeño da profesión.

No momento da celebración da Asemblea hai dous socios do Distrito de Vimianzo incurso nun procedemento penal en calidade de imputados polo normal desempeño da profesión, e debido a que a Administración tamén está personada, o xulgado rexeitou que defenda aos seus funcionarios por incompatibilidade.

Neste asunto APRAFOGA xa fixo as xestións para que os custos sexan asumidos por AEAFFMA, e a xunta directiva solicitou a Asemblea para que no suposto de que haxa algún problema con AEAFFMA sexan asumidos por APRAFOGA.

Tamén está en curso un procedemento penal onde un afiliado exerce a acusación por ser vítima de atentado no desempeño da profesión e no seu día non solicitou apoio dos letrados da Xunta. A xunta directiva fará as xestións con AEAFFMA para a asumir os custos e no seu defecto solicita da Asemblea que sexan asumidos por APRAFOGA.

As iniciativas foron aprobadas por unanimidade dos presentes.

8 Rolda de intervencións.

Don Xoán Daniel Rosales Rivas, opina que a cota dos asociados debería de ser unha soa o ano. A roupa debe ser común para todos os Axentes forestais con independencia das consellerías.

Don Alejandro Rodríguez Pazos, opina que debe de regularse a uniformidade. Proposta de colectas cubrir determinados gastos como por exemplo os contenciosos administrativos que xurdan. Proposta dunha cobertura loxística.

Non hai mais intervencións.

Acordos

- 1 Aprobouse por unanimidade a acta da asemblea anterior.
- 2 Aprobouse por unanimidade o informe de actividades do segundo semestre de 2013 e o estado de contas a 31 de decembro de 2013.
- 3 Aprobouse o plan de acción para 2014 e a previsión de gasto para o desenvolvemento do plan por tódolos presentes agás unha abstención.
- 4 Acordouse, por 39 votos a favor, un voto en contra e unha abstención, a contratación da entidade *Nós Comunicación* para facer o servizo de gabinete de prensa por un importe anual de 1.800 euros mais IVE.
- 5 Acordouse a contratación do asesor xurídico, D. José María Santiago Morales por un importe de 1.266,50 euros anuais mais IVE.
- 6 Aprobouse por unanimidade un orzamento máximo de 1.200 euros para contratar unha empresa para facer un novo deseño da web.
- 7 Aprobouse, por 39 votos a favor e dúas abstencións, estudar a posibilidade de meter publicidade na web para financiar custos.
- 8 Aprobouse, por 39 votos a favor e dúas abstencións, estudar a posibilidade de meter publicidade na web para financiar custos.
- 9 Aprobouse por unanimidade a contratación dos servizos da entidade GERPRODAT para a xestión de protección de datos por un período de 5 anos e un custo de 90 euros anuais mais IVE.
- 10 Aprobouse por unanimidade pagar os custos imprescindibles de representación aos membros da xunta directiva por: kilometraje, transporte, pernocta, manutención e teléfono.
- 11 Aprobouse, por 29 votos a favor, 11 en contra e 1 abstención, a celebración do día dos forestais cada 4 de outubro e cada ano nunha provincia.
- 12 Aprobouse por unanimidade, e para o caso de que sexa necesario no futuro, a defensa xurídica das persoas afiliadas incursas nun procedemento penal polo normal exercicio da profesión.

13 Aprobouse por unanimidade, personarse a asociación en calidade de acusación popular nos procedementos que traian causa cando unha persoa afiliada fose vítima de atentado, resistencia ou desobediencia no desempeño da profesión.

14 Aprobouse por unanimidade, e para o caso de que sexa necesario, de asumir os custos de defensa xurídica de dous afiliados actualmente incursos nun procedemento penal polo normal desempeño da profesión e os custos da actual acusación polo delito de atentado sufrido por un afiliado no desempeño da profesión.

Silleda, 21 de febreiro de 2014

O Secretario

Vº Bº O Presidente

Asdo.: Alfredo Couceiro López

Asdo.: Xosé Bieito Rodríguez Carballo